



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado provisional de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral reguladas pola Orde do 23 de febreiro de 2018 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo)

De conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da interesada ou interesado, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 9, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 25 de xaneiro de 2012 (*DOG* do 8 de febreiro).

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar o listado provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Publicar no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal o listado citado.

Terceiro. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular alegacións no prazo de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Por suplencia (resolución do conselleiro do 16/07/2018)

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

